

# Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados

**O Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración con Kalandraka Editora, convoca o XVI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, coas seguintes bases:**

1. Poderán optar ao XVI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes, ou de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.

2. As bases desta convocatoria teñen como finalidade fomentar a produción artística e literaria destinada ao público infantil e xuvenil.

3. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais ou as obras que fosen premiadas noutros concursos. Tampouco se admitirán as obras que teñan máis de tres ilustracións publicadas en Internet.

4. Poderán participar unha ou varias persoas, autores/as de texto e ilustración de calquera nacionalidade. Quedan excluídos os/as gañadores/as das anteriores edicións e persoas traballadoras e extraballadoras da editorial Kalandraka.

5. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).


6. Os/As autores/as que opten ao premio deberán presentar:

- Cinco copias do texto.
- Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas. No caso de utilizarse técnica dixital, admitiranse impresións da obra en alta resolución.
- Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta: unha versión impresa con deseño, texto e ilustracións, o máis semellante posible ao que será o libro acabado.

7. Nas obras non deberá figurar o nome dos/as autores/as, senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais das persoas participantes achegaranse nun sobre pechado: no seu exterior indícarase o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior o nome ou nomes completos, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico. Dentro do sobre tamén se incluírán unha fotocopia completa do DNI ou pasaporte, así como unha breve recensión biográfica.

8. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (rúa do Presidente Salvador Allende núm. 4, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña. España). No sobre especificarase obrigatoriamente «XVI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transporte non deben aparecer os nomes dos/das autores/as.

9. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remata o 15 de maio de 2023. O selo postal dos traballos



presentados por correo ou por empresas de mensaxería non poderán ser posteriores á data do último día de entrega. A decisión do xurado farase pública na última quincena de xuño de 2023.

10. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e da ilustración que, segundo o seu criterio técnico, seleccionarán a obra premiada. Actuará de secretario/a unha persoa que designen as entidades organizadoras. O premio poderá declararse deserto e a decisión do xurado será inapelable.

11. Establécese un único premio, dotado de 9000 €. A dotación está suxeita ás retencións que, de ser o caso, procedan. O importe do premio non se fará efectivo ata que o/a autor/a ou os/as autores/as entreguen a obra rematada para a súa publicación. A obra premiada será publicada en galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués pola editorial Kalandraka no mes de novembro do ano 2023 e, para tal efecto, asinaranse os correspondentes contratos de edición. Así mesmo, a editorial terá prioridade de publicación daqueles traballos que recibisen mención especial do xurado. Este dereito terá vixencia durante un ano, despois do cal o/a autor/a (ou autores/as) poderán dispoñer libremente das súas obras.

12. O/A autor/a (ou autores/as) cederá os dereitos da primeira edición, segundo debe constar no contrato que asinará coa editorial Kalandraka.

13. O/A autor/a (ou autores/as) comprométese a entregar a obra rematada antes do 2 de setembro do 2023.

14. O/a autor/a (ou autores/as) correrá con todos os gastos de envío das obras a destino. A organización non se fai responsable das posibles perdas ou deterioracións dos orixinais, nin dos atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poida afectar á chegada das obras ao concurso.

15. Os/as autores/as poderán solicitar a devolución dos orixinais non seleccionados. Terán que comunicalo por escrito no enderezo de correo electrónico [premiocompostela@kalandraka.com](mailto:premiocompostela@kalandraka.com) durante o prazo dun mes dende a decisión do xurado e asumirán os custos de envío. Para este efecto, facilitaráselles ás persoas interesadas un número de conta onde facer os ingresos correspondentes para o pagamento dos portes. Transcorrido ese tempo, as obras non reclamadas serán destruídas.

16. A organización non se compromete a manter correspondencia postal nin telefónica sobre os orixinais non premiados, nin sobre a interpretación e aplicación deste regulamento.

17. Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Santiago de Compostela <http://santiagodecompostela.gal/> e nas súas redes sociais.

O extracto da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

18. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar será establecida polo xurado ou, de ser o caso, pola organización do certame. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.